

Estimados pais/nais de alumnos/as:

Como se informou o pasado xoves 16 de xaneiro levouse a cabo unha reunión informativa sobre os exames Cambridge no noso centro, polo que remitimos un pequeno resumo sobre o tratado nesa reunión.

O noso centro chegou a un acordo coa Asociación Escola Rosalía de Castro e Cambridge Assessment English para que se leven a cabo estes exames no noso colexio, tanto para os nosos alumnos coma para outros da zona. O obxectivo común é que os estudantes aprendan inglés e que o demostren ante o mundo, mediante uns títulos nos que poidan certificar o seu nivel de inglés, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Os examinadores de Cambridge trasladaránse ao noso centro para levar a cabo ditas probas o **sábado 16 de maio**, sendo a data máxima para poder matricularse o 18 de marzo. Os exames serán:

Pre A1 Starters, A1 Movers, A2 Flyers: Estes tres niveis de examen son para os nenos entre 6 e 12 anos aproximadamente. Axúdanlles a desenvolver a confianza en si mesmos e sentar as bases sólidas da aprendizaxe.

A1 Starters, 3 probas: Comprensión e expresión escritas (20 min), Comprensión auditiva (20 min) e expresión oral (3-5 min).

A1 Movers, 3 probas: Comprensión e expresión escritas (30 min), Comprensión auditiva (25 min) e expresión oral (5-7 min).

A2 Flyers, 3 probas: Comprensión e expresión escritas (40 min), Comprensión auditiva (25 min) e expresión oral (7-9 min).

A2 Key for Schools: Esta titulación axuda ao estudante a desenvolver ao máximo o seu inglés cotián escrito e oral a un nivel A2. Son 3 probas: Comprensión e expresión escritas (60 min), Comprensión auditiva (30 min) e expresión oral (8-10 min).

B1 Preliminary for Schools. Esta é unha titulación de nivel intermedio para estudantes que dominan os conceptos básicos e posúen destrezas prácticas para o uso no día a día. Son 3 probas: Comprensión e expresión escritas (90 min), Comprensión auditiva (36 min) e expresión oral (10-12 min).

Para máis información pode visitar a web: <https://www.cambridgeenglish.org/es/exams-and-tests/> e <https://www.cambridgeparati.es/>, onde atopar banco de recursos e probas de nivel.

PROBA	Alumnos Casa de la Virgen	Resto
Pre-A1 Starters	58,20 €	63 €
A1 Movers	60,40 €	67 €
A2 Flyers	63,40 €	71 €
A2 Key for Schools	93 €	99 €
B1 Preliminary for Schools	102 €	112 €

Aquelas familias que desexen máis información sobre a realización da proba e a posibilidade de presentarse, deben solicitalo cubrindo a circular e entregarlle ao titor/a, para que os profesores de lingua inglesa poidan explicarlles con máis detalle as probas.

Atentamente.

O Equipo Directivo.

D/Dna _____, pai/nai do alumno/a _____ do curso _____, estou interesado en recibir información para a realización dos exames Cambridge que se van a levar a cabo no colexio Plurilingüe "Casa de la Virgen" de Cangas, o **sábado 16 de maio**.